

Os lazaretos foron recintos sanitarios construídos para loitar contra as enfermidades infecto-contaxiosas mortais que no século XIX se propagaban con gran facilidade debido ao incremento do tráfico de pasaxeiros e produtos polas vías marítimas de transporte. Etimoloxicamente, o seu nome provén de San Lázaro, santo baixo cuxa advocación foi creada no século XII unha orde relixiosa militar para o coidado dos leprosos. Levantábanse preto do mar, con varios recintos e espazos, onde se impoñía a corentena ás persoas e aos buques sospeitosos de epidemias (a estes podíaselles prohibir o desembarco e chegaban incluso a ser queimados). En canto ás mercadorías, debían ventilarse e “purificarse”, destruindo aquelas que estivesen contaminadas.

O desenvolvemento da Coruña como porto comercial, sobre todo a partir de 1778 (Decreto de Libre Comercio coa América), supoñería a transformación do lugar de Oza. A comezos do século XIX en España só existía o lazareto de Mahón (1817), pois o de San Simón na ría de Vigo (1845) e Pedrosa en Santander (1869) foron posteriores. No ano 1831, e motivado pola epidemia de cólera morbo que arrasaba Inglaterra, a “Junta Suprema de Sanidad del Reino” ordenou o establecemento dun lazareto provisional na Coruña, xa que, ata entón, as corentenas facíanse cos barcos fondeados nas baías. Descartada a opción do Castelo de Santa Cruz, optouse polo de Oza, dado o escaso acondicionamento requirido. Pero as autoridades militares reivindicaron a antiga batería de Oza como baluarte defensivo, polo que a solución foi a construción dun recinto na zona da Palloza, que estivo en uso ata 1842.

Dada a persistencia das epidemias e a paralización comercial que estas levaban consigo, o propio Concello da Coruña encomendou en 1854 ao enxeñeiro de camiños Alejandro de Olavarría o deseño do lazareto, outra vez na zona da Palloza, pero esta localización foi descartada pola proximidade de zonas habitadas. Tras infrutuosos intentos, en 1878 o Castelo de Oza foi cedido polo Ministerio de Guerra, e finalmente un ano despois, autorizouse por real orde a construción do ansiado lazareto no lugar de Oza. Por outra banda, en 1887, comerciantes e navieiros coruñeses constituíron a “Sociedade Anónima Lazareto da Coruña” que, xunto co Concello, financiou as obras, que remataron no ano 1888. Porén, debido a trámites burocráticos, o lazareto non entrou en funcionamento ata o ano 1889.

O lazareto de Oza constaba de dúas zonas separadas por unha ponte de ferro de 230 metros de lonxitude sobre a antiga Praia de Oza: o lazareto limpo (de observación dos viaxeiros non enfermos), que estaba constituído pola batería, o fortín (dormitorios de mariñeiros e pasaxeiros de terceira clase), un edificio de dúas plantas (dormitorios de primeira e segunda clase, oficinas e persoal) e outro dunha planta (cantina); e o lazareto sucio, na punta Filgueira, dotado dun pequeno peirao para os desembarcos, grúas de vapor, almacéns de ventilación para mercadorías, alpendres, e os pavillóns de epidemiados, convalecentes, médicos e persoal enfermeiro; contaba tamén con estufas de vapor para desinfección da roupa, lavadoiros e depósitos de auga potable. Como Capela utilizábase a Igrexa de Oza, cun pequeno camposanto para os falecidos no lazareto. Estas dúas zonas estaban illadas do exterior cun muro de cerramento de pedra, lindando coa estrada entre A Coruña e A Pasaxe e coa liña férrea.

A finais do século XIX a zona de Oza viuse afectada polas obras do porto coruñés: novas dársenas (as da Mariña, Garás e A Palloza) e novos peiraos (Linares Rivas, Santa Lucía e o da Batería, feito con pedra de dique dunha canteira xunto ao lazareto). Este, por mor do control dos brotes epidémicos e a perda das colonias de Ultramar por parte de España, decaeu no seu fin. Foi clausurado por indicacións da Conferencia Sanitaria Internacional de París (1903), servindo antes como hospital para os soldados repatriados de Cuba en 1898-1899. As instalacións do lazareto sucio quedaron sen uso, e os pavillóns do limpo reformados posteriormente para o futuro Sanatorio Marítimo de Oza.